

**TÍTULO:** Dora

**PSEUDÓNIMO:** Zaracota

**CATEGORÍA:** Adultos

---

Dora ollaba cara á estrada que vai á Agra Nova, sentada pacientemente no banco de ferro verde que o Concello viña de substituír polo vello sentadoiro de madeira. Mais inda sendo novidade, ninguén puña en dúbida que recibiría o mesmo nome que o seu predecesor: “O tallo de Dora”.

Helena e mais eu mirabamos para Dora do mesmo xeito ca ela para a estrada que vai á Agra Nova, sen ningún afán de observación científica, nin tampouco coa intención de rexoubar despois. As dúas sentadas na herba do quinteiro, agardabamos o resto da rapazada, ollando para aquela muller miúda, inmóbil agás cando se aniñaba para subir polas medias, cada pouco engruñadas no fondo das pernas mazarqueiras, que a continuación cruzaba dun xeito mecánico. O costume de coincidir cada tarde propiciaba aquel ignorármonos mutuamente.

Os escasos metros que nos separaban da muller non nos impedían repararmos nos mestos carreiros que o tempo fora tallando na súa pel. A cariña mirrada de Dora era unha cuadrícula perfecta de montes e vales, custodiando un sorriso inmutable, coma tatuado baixo os dous ollos musgados que tamén semellaban rir.

Nun repente, a mirada de Dora virou para fitarnos de fronte. Sen mudar o riso, fixo un aceno coa man, pedíndonos que fôsemos. Erguémonos a un tempo, sacudimos as herbas do pantalón e botamos unha carreiriña. Dora recibiu nos sen mudar a expresión; non esgazou nin encolleu o riso un centímetro. Pausadamente, preguntou: *Gústanos as bonecas?* Non era difícil responder; nesa altura, Helena e mais eu investiamos a maior parte do día en enredar con aquelas maquetas, case perfectas, de naipelos, buscando para elas usos alternativos a todo canto refugallo caía nas nosas mans: as follas das mimosas eran deliciosos peixes recentemente mercados, o vello pano das mans do avó era a saba do berce do boneco máis miúdo, as patacas da semente andaban nos nosos cazolos ata que empezaban a botar o aguillón,... *Gustan, gustan*, dixemos. Helena, máis faladeira ca min, abundou:

*E temos moitas, pero a min a que máis me gusta é a que me regalou miña madriña pola Pascua, que canta “Quisiera ser tan alta como la luna”... Dora ollaba para nós divertida, deixábanos falar e mesmo semellaba interesada na conversa. Pois eu teño na casa dous vestidos de boneca moi bonitiños, querédelos? Asentimos no acto coa cabeza, coa gorxa, e coa emoción abrollando nos ollos regalados cara a ela.*

En ringleira baixamos a costa que cruza coa estrada que leva á Agra Nova, atravesamos e volvemos baixar ata encamiñarnos cara á casa de Dora. Penetramos naquel labirinto de corredoiras que unía non máis de catro casas e chegamos á súa, pequeniña, de pedra, xanelas verdes de madeira e unha minúscula galería que daba ao que algún día foi unha horta, mais na que agora só medraban saramagos.

Detrás dela fomos subindo por estreitos chanzos de madeira ata chegarmos ao cuarto. A luz que entraba pola fiestra enchía a estancia de milleiros de partículas de po brillante, a bailar entre os mobles, arredor das nosas cabezas.

O corpo livián da muller avanzou con soltura ata o armario, ao fondo da peza, e abriu unha das portas, descubrindo un espello de corpo enteiro no seu envés; alí estabamos Helena e mais eu, as nosas caras, cos ollos abertos coma lúas, á espreita, ao pé de Dora, seguíndoa en todos os movementos, devecendo por ver o que se agochaba entre aquela mulida de trapos e bolsas de plástico. Dora quitou unha delas para fóra e remexeu dentro. Con calma, amosou un vestido azul celeste, pequerrechiño, tecido a calceta, cos pespuntos brancos a xogo coa cinta que cinguiría o van da boneca preferida de Helena, porque foi a ela a quen Dora, sen vacilar, lle entregou aquela peza de roupa. Eu degoaba xa por ver o meu cando as mans da muller sacaron da bolsa de plástico verde o traxe máis fermoso que nunca antes vestira Tina, unha boneca que meu tío Afonso me dera por Reis e que bautizara con ese nome por lembrarme a Clementina, a beata máis beata da parroquia. O vestido avultaba pouco, mais era lindo, branco, con pequenas flores laranxas estampadas na tea. Dora estendeuno no aire e deulle a volta para que eu o vise ben. O mesmo ritual fixera con Helena un pouco antes. *Este é para ti*, dixo con contundencia. *Gustas?* Claro que gustaba... Nese momento

adorei aquela muller.

Aos tropezóns baixamos as escaleiras de dúas en dúas; corremos a máis non poder; subimos a costa que cruza coa estrada que vai á Agra Nova e case sen alento chegamos á miña casa. Alí quedaron Tina e mais a boneca cantante de Helena. Morriamos por ver como lucirían cos traxes novos.

Sen parar na cociña subimos ao cuarto; as explicacións requiridas por meus pais á vista de tanta emoción e tanta présa fómolas dando polo camiño, entre ampeo e ampeo. Xa na cociña, con cadansúa boneca e os vestidiños na man listos para seren probados, de novo houbo que xustificar aquel bulir dun lado para o outro: *É-que-Dora-nos deu-uns-vestidiños-para-as-bonecas-e-ímosllos-probar-a-Tina-e-a-Susana*. Inda ben non acabara a frase, xa miña nai adelantara un paso coas mans na cintura e se inclinara sobre min para ver de que falaba. Colleu o vestido co índice e o polgar de cada man e mirou a meu pai de esguello, con aquela cara de ferreiro que puña ás veces, apenas un intre antes de empezar co rosario de recomendacións catedralicias, ás que eu moi poucas veces conseguía retrucar. Helena, que sabía con que bois labraba, agardaba o discurso maternal, caladiña coma un peto, detrás miña. Mais, a diferenza doutras veces, ningunha das dúas tiña idea de que cousa fixeramos mal, a non ser que algún trasno malicioso lle fose co conto de que, no medio da emoción, esqueceramos agradecerlle a Dora o agasallo...

Pero mamá reaccionou por fin: *Tirade agora mesmo con eles*, dixo, ao tempo que, con xenio, medaba o vestido de volta. *Agora mesmo*, repetiu. E seguiu a repetilo de cada vez que eu lle preguntaba: *Por que?*, ao principio con soberbia e despois, xa cara ao final, con resignación e a piques de empezar a chorar. Meu pai, lonxe de abrandar, limitábase a dicir, coa voz grave: *Facede o que vos di!* Só quedaba miña avoa, que estaba a presenciar a traxedia desde o principio, mais como testemuña muda, sen se posicionar. Ela de seguro había coñecer ben a Dora. E tamén había saber por que meus pais estaban tan desgustados. Xa esgotada, entre saloucos, mireina de fronte; ela ficaba sentada, de costas á cociña de ferro, cun cóbado apoiado enriba da mesa de comer e a cabeza ladeada sobre a man; *Por que?* supliquei. Mirou a miña nai con complicidade e, diligentemente, incorporouse na cadeira, colleunos as mans e, nun murmurio, coma quen conta un segredo,

pronunciou unha única frase: *Son do seu filliño morto.*

Helena estremeceu e tirou co vestido de contado. Eu quedei tesa coma un garabullo, incapaz de dicir nada. Nun rauto, Helena apañou o vestido do chan e botou a andar para fóra. Eu fun detrás, non sei se por inercia ou por curiosidade. Ela parecía ter moi claro o itinerario. A paso apurado atravesou o curral e saíu pola cancela. Eu quedei alí, ao pé da cancela, observándoa sen saber ben que facer. Parou diante do magalón que separa a miña casa da plantación de eucaliptos á que inda chamabamos fraga, e arrebolou o vestido á silveira. Despois volveu coa cabeza baixa ata onde eu estaba, mirou para min e dixo: *Agora ti.* Eu non era amiga de deixarme guiar por ninguén, pero a vista brava de Helena e o ano e medio que me levaba puideron comigo... Cunha pena negra, máis pola traizón a Dora que pola perda material, achegueime á silveira e guindei o vestido.

De volta na cociña, meus pais celebraban entre olladas discretas o triunfo acadado. Helena e mais eu sentamos a carón da avoa que, coa mornura coa que só ela sabía dicir as cousas, tivo a delicadeza de acabar o conto:

*Era un fillo bravo que lle morreu a Dora; o pai da criatura tivo que marchar á guerra ao pouco de saberen da preñez; xa non volveu máis. Dora pariu un neno fermoso, de ollos grandes e faceiras encarnadas, semellaba unha pintura. Pero cando tiña un aniño, ela fora coas vacas para Agra Nova e leváralo consigo; aquel día caían as chamas do ceo.... As malas linguas din que foi por iso que morreu o meniño, por un ataque á cabeza de tanta calor que facía. Pero eu non o creo. Era moi boa nai, Dora. Seguro que lle había buscar unha sombríña. Eu para min que lle colleu o enganido...*

Aquí a avoa fíxo un alto e mirounos ás dúas aos ollos, antes de sentenciar, co índice levantado: *E iso pega.*